

## ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS – BETANZOS”

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

[www.marinasetanzos.org](http://www.marinasetanzos.org); [info@marinasetanzos.org](mailto:info@marinasetanzos.org); <http://www.biosferamarinasmandeo.com/>

### **ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 8 DE XULLO DE 2013.**

En Bergondo, a 8 de xullo de 2013 sendo as 18 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, na biblioteca do Centro Sociocultural de A Senra, Concello de Bergondo.

#### **Asistentes:**

- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueros de Betanzos e Comarca).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa das mulleres (Asociación Elas) e da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas). Secretaria da Asociación.
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva”).
- D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- Dna. Sabela Pérez Iglesias, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- D. Carlos Vales Vázquez, en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.

- o D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Eulogio López Rí, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG's* (ASPACE).
- o Dna. María Teresa Tiemblo Marsal, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG's* (ASPANAES).
- o D. José Francisco Castro Vilaríño, en calidade de asesor externo da Asociación Mariñas – Betanzos.
- o D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- o Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

-----

A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

### **1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Apróbase a Acta da sesión anterior (10 de xuño de 2013).

Fernando Bandín aclara que no punto de elección de entidades de representantes da Xunta Directiva para o Consello de Dirección, el cree que non se chegou a acordo. O Vicepresidente da Asociación, que esta presidindo esa reunión, comenta que efectivamente houbo acordo por asentimento xeral, lendo as mesas elixidas ao final desa Xunta Directiva.

### **2. REUNIÓN DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA RESERVA DA BIOSFERA “MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”.**

O día 18 de xuño de 2013, celebrouse no Concello de Abegondo a primeira reunión do Consello de Dirección da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, onde se presentaron aos asistentes os dous vídeos para a promoción da Reserva da Biosfera, financiados ao abeiro do Programa LEADER 2007-2013. Tamén foi presentado o Plan de Acción (2013-2022) e se designaron os representantes dos órganos de xestión da Reserva da Biosfera, quedando da seguinte maneira:

#### **Consello de Dirección:**

- A Presidencia da Asociación “Mariñas – Betanzos”. Alcalde do Concello de Abegondo, D. José A. Santiso Miramontes.
- A Vicepresidencia da Asociación “Mariñas – Betanzos”. Alcalde do Concello de Paderne, D. Cesar Longo Queijo.
- 1 representante de cada un dos concellos que conforman a Reserva da Biosfera, caso de non estar representados a través da Presidencia e/ou Vicepresidencia. (Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza-Cesuras, Sada e Sobrado)

- 8 representantes das entidades sociais e económicas da Asociación Mariñas – Betanzos.
  1. MESA DAS ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS: **FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES EMPRESARIAIS DE AS MARIÑAS** (CULLEREDO)
  2. MESA ASOCIACIÓN E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA: **ASOCIACIÓN CULTURAL LIBRE PADERNE ROXIN ROXAL** (PADERNE)
  3. MESA ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAS E ANPAS: **ASOCIACIÓN CULTURAL CULTURA ABERTA DE CARRAL** (CARRAL)
  4. MESA ASOCIACIÓN E COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S: **ASOCIACIÓN DE PADRES DE PERSOAS CON PARALISIS CEREBRAL – ASPACE** (SADA)
  5. MESA DA ARTESANÍA OU MULLERES: **ASOCIACIÓN ARTESÁNS AS MARIÑAS** (BERGONDO)
  6. MESA PESCA, MARISQUEO, ACUICULTURA: **CONFRARÍA PESCADORES DE MIÑO** (MIÑO)
  7. MESA SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO: **ASOCIACIÓN SECTORIAL DE VITICULTORES E ADEGUEIROS DE BETANZOS E COMARCA**. (BETANZOS)
  8. MESA SECTOR TURISMO E HOSTALERÍA: **ASOCIACIÓN DO TURISMO SOSTIBLE DE A CORUÑA**. (PADERNE).
- 4 representantes da Xunta de Galicia (Asistiu a Delegada Territorial de A Coruña)
- 4 representantes da Deputación Provincial da Coruña (Asistiu o Deputado Provincial, D. Jacobo Fernández García.
- 1 representante do Consorcio As Mariñas. Xerente, D. Miguel Sandar.
- 1 representante do Ministerio con competencias en materia de costas. Xefe Demarcación de Costas de Galicia, D. Rafael Eimil.
- 1 representante das entidades de custodia que están desenvolvendo a súa actividade no territorio. Fundación Fragas do Mandeo, D. Fernando Bandín.
- 2 representantes do Comité Científico da Reserva da Biosfera.
- 1 representante do Comité MaB de España, D. Pablo Ramil
- 2 representantes do Comité de participación (sen nomear)
- Xestor da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”. Xerente da Asociación Mariñas – Betanzos, D. Jorge. Blanco Ballón.

**Comité executivo:**

- A Presidencia da Asociación Mariñas – Betanzos. Alcalde do Concello de Abegondo, D. José A. Santiso Miramontes.
- Representantes dos Concellos. (Oleiros, Paderne, Culleredo, Curtis)
- 4 representantes de mesas sectoriais da Asociación “Mariñas – Betanzos”.(pendente elección)
- 1 representante da Deputación Provincial da Coruña (pendente elixir)
- 1 representante da Xunta de Galicia con competencias en espazos naturais (pendente elixir)
- 1 representante do Comité Científico (pendente elixir)
- Xestor da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.
- Poderán asistir tamén os membros do Consello de Dirección ou Comité Científico convidados polo Comité Executivo ou polo Consello de Dirección, con voz pero sen voto.

### **Comité científico:**

Acordouse nomear unha persoa por cada área, para participar na conformación do Comité Científico.

- Area de Conservación: Jerónimo Puertas Agudo, Docente e Investigador da Universidade da Coruña. Area de Hidráulica de Canais e Ríos.
- Area de desenvolvemento sostible. Juan Castro Ínsua. Director do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.
- Area de apoio loxístico. Carlos Vales Vázquez. Director do Centro de Extensión Universitaria de Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA).

A representante da Asociación Roxin Roxal, Sabela Iglesias, manifesta a preocupación da súa entidade diante das modificación dos Estatutos de cara a representatividade na Reserva da Biosfera. Proponen que no Comité Científico se amplíe a representatividade a persoas destacadas no ámbito das Ciencias Sociais e do Patrimonio cultural, aspecto que a Xunta Directiva acorda trasladar na Asemblea Xeral. Solicita tamén que a Asociación Roxin Roxal estea representada na mesa sectorial que abrangue o eido cultural “Mesa de Asociacións Deportivas, recreativas, de vecinos, culturais e Anpas”

A Xunta Directiva acorda incluír a Roxin Roxal na mesa solicitada.

### **3. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN MARIÑAS – BETANZOS.**

Tendo recibido aclaracións por parte dos asociados, preséntanse propostas complementarias de modificación de Estatutos para ser comentadas na reunión de Xunta Directiva e trasladar posteriormente á Asemblea Xeral Extraordinaria.

A Xunta Directiva, acorda trasladar estas propostas á Asemblea Xeral Extraordinaria, para que sexan aprobadas pola mesma.

#### **Artigo 3. Domicilio**

A asociación fixa o domicilio social no Edificio da Antiga Cámara Agraria de Abegondo, R/ San Marcos s/n 15318, no concello de Abegondo e na Rúa Antonio Machado, s/n 15670 O Burgo – Concello de Culleredo (A Coruña).

#### **Artigo 4. Ámbito de actuación**

A asociación terá como ámbito de actuación preferente o dos concellos de Abegondo, Aranga Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, **Curtis**, Miño, Irixoa, Oleiros, **Oza-Cesuras**, Paderne, Sada e **Sobrado**, na provincia de A Coruña, sen prexuízo de que poida estenderse por necesidades operativas dos seus programas e actividades.

## Artigo 5. Fins e actividades

- i) Prestación de servizos de aconsellamento ou de xestión ás persoas dedicadas á agricultura, gandaría ou á explotación forestal.
- j) Fomentar a innovación no medio rural, especialmente no sector agrícola.
- k) Promover a loita contra o cambio climático.
- l) Potenciar o desenvolvemento sostible das zonas costeiras.
- m) Fomentar a conservación e posta en valor da paisaxe.
- n) Promover a responsabilidade social entre as empresas do territorio.
- o) Fomentar o emprego e o emprendemento no medio rural, especialmente en persoas xóvenes ou con especiais dificultades de acceso ao mundo rural.
- p) Recuperación de variedades e especies agrarias locais, e a súa comercialización en circuitos curtos.
- q) Promover a produción agraria ecolóxica, demostrando a súa viabilidade.
- r) Promover o cooperativismo.
- s) Colaborar coas entidades de carácter social, preferentemente con diminucións físicas, psíquicas ou sensoriais, realizando accións de información e orientación profesional, a estes colectivos, traballando con colectivos de difícil inserción laboral.

### 2.- Para acadar os ditos fins, a asociación poderá desenvolver as seguintes actividades:

- k) Artellar e poñer en marcha iniciativas de cooperación entre os axentes da innovación, sector produtivo e outros axentes implicados.
- l) Artellar e desenvolver estratexias encamiñadas ao aforro e eficiencia enerxética, ao fomento das enerxías renovables, á xestión de residuos, ao fomento do emprego e emprendemento verde, así como de información, participación e sensibilización para a sostibilidade.
- m) Desenvolver estratexias e actividades para a diversificación económica das zonas costeiras, a valorización dos produtos do mar, potenciación das actividades turísticas sostibles ligadas ao mar e ao litoral, así como artellar iniciativas dirixidas a fortalecer a xestión integrada das zonas costeiras.
- n) Posta en marcha e desenvolvemento de actividades encamiñadas á catalogación, conservación e preservación da biodiversidade, dos hábitats naturais e da paisaxe, así como o apoio a iniciativas para a custodia do territorio.
- o) Formular e desenvolver actividades dirixidas á fomentar a agricultura ecolóxica, o emprendemento no sector agrogandeiro, a conservación da variedades locais e razas autóctonas, a comercialización agroalimentaria en circuitos curtos, e en definitiva, todas cantas beneficien a incorporación de novos activos agrarios, á viabilidade das explotacións/industrias agroalimentarias existentes e a mellorar a comercialización dos seus produtos.
- p) Fomentar a cooperación entre as empresas e os outros axentes do territorio, desenvolvendo iniciativas enmarcadas na Responsabilidade Social Empresarial e encamiñadas a promover o desenvolvemento sostible e a mellora ambiental do territorio.
- q) Promover as actividades de apoio para mellorar a inserción laboral e o emprendemento ligado á explotación sostible dos recursos endóxenos, a cooperación e colaboración entre emprendedores, así como facilitar estruturas onde os emprendedores poidan compartir recursos.
- r) Calquera outra actividade que poida resultar necesaria ou conseqüente coas anteriores.

TÍTULO V. BIS. Engadir texto:

### **Este Consello de Dirección se reunirá como mínimo unha vez cada ano, e estará formado por:**

Por acordo dos membros do Consello de Dirección acadado por maioría absoluta poderá mudar o número e composición dos integrantes deste Consello. Cada catro anos se renovarán os representantes, mediante ratificación do representante ou nomeamento do substituto por parte da entidade representada. As persoas que representan a entidades no Consello de Dirección poderán ser substituídas polas entidades que representan en calquera momento, previo achegamento da documentación acreditativa do novo representante.

As entidades sociais e económicas da Asociación Mariñas – Betanzos que están representadas no Consello serán escollidas entre as entidades que representen ás mesas que compoñen a Xunta Directiva da Asociación Mariñas – Betanzos (exceptuando a mesa das Administracións Locais) por votación realizada entre os seus representantes. As dúas entidades representadas no Consello de Dirección como compoñentes do Comité de Participación serán escollidas por votación entre as compoñentes de dito Comité, exceptuando as entidades que xa forman parte do Órgano como representantes das mesas da Xunta Directiva da Asociación Mariñas – Betanzos. O Comité Científico escollerá entre os seus membros dous representantes no Consello de Dirección do propio Comité.

**O Comité Executivo da Reserva de Biosfera se reunirá tantas veces como sexa necesario, e estará formado por:**

Conformaran os membros deste Comité Executivo as persoas compoñentes do Consello de Dirección escollidas polo propio Consello para tal fin. Este Órgano se renovará cada catro anos por ratificación ou substitución das persoas que o compoñen, tras a renovación do Consello de Dirección. Os representantes dos Concellos no Consello de Dirección seleccionarán a tres deles para participar no Comité para participar no Comité Executivo. Os oito representantes das Mesas Sectoriais da Asociación Mariñas – Betanzos no Consello de Dirección seleccionaran a catro deles para participar neste Comité. Do mesmo xeito, os dous membros do Comité Científico seleccionaran a un deles.

Cada persoa só terá dereito a un voto e a unha representación. **voto**

As persoas que deixen de ser representantes das súas respectivas entidades no Consello de Dirección deixarán de formar parte automaticamente no Comité Executivo, e se procederá ao nomeamento da persoa substituída por votación do Consello de Dirección polo sistema anteriormente descrito.

No caso de empate nas votacións, se resolverá o resultado por votación do resto de membros do Comité **Executivo**.

**c) Comité Científico.**

Este órgano consultivo provera de información e análise, para fundamentar a toma de decisións en canto á xestión da Reserva de Biosfera e sobre o grado de cumprimento dos seus obxectivos.

**d) Comité de participación.**

Os seus membros reuniranse como mínimo unha vez cada ano, e estaría formado por representantes de:

- As organizacións e **empresas** con programas de Responsabilidade Social

**Comentado [i1]:** Texto a engadir proposto por Fernando Bandín (Asociación Rabo do Galo)

**Comentado [i2]:** Texto a engadir proposto por Fernando Bandín (Asociación Rabo do Galo)

**Comentado [i3]:** engadir

#### e) Comisións Técnicas de Apoio á Xestión.

De igual modo, poderán crearse como órganos consultivos Comisións Técnicas formadas por técnicos e expertos, e terán entre as súas funcións o apoio e asesoramento técnico ao Xestor da Reserva de Biosfera, ao igual que o Comité Científico, as Comisiones Técnicas se estruturarán en subáreas funcionais e se constituirán por razóns de operatividade, á demanda do Comité Executivo ou do Consello de Dirección.

A Xunta Directiva acorda que se leven estas novas propostas á Asemblea Xeral para aprobación da modificación dos Estatutos.

Comentado [i4]: engadir

### 4. SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER

#### 4.1. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

##### 4.1.1. PUNTO DEGUSTACIÓN EN ADEGA EN PADERNE L12-41100-29-0188.

Con data 16 de abril de 2012, a entidade promotora do proxecto, Bodegas Viña Ártabra S.C., solicitou unha axuda para crear un punto de degustación nunha adega que estase construíndo en Paderne dotada con equipos produtivos e maquinaria para obter un produto de máxima calidade e establecer unha zona de cata do produto.

A entidade promotora do proxecto é a sociedade civil “Bodega Viña Ártabra S.C.

O viño está amparado pola denominación de orixe “Viño da Terra de Betanzos”

Investimentos do proxecto: mobiliario da adega.

Esta sociedade civil non adquire o compromiso de creación de emprego. Esta iniciativa encaixa na medida 411.-Dinamización do sector agrario e forestal.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 4.519,40-€ (3.830.-€ sen IVE).

Con data 20 de xuño de 2013, ten entrada no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 59,50 puntos, correspondéndolle un 39,75 % de axuda do Programa Leader que ascende a 1.522,43-€.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER

#### **4.1.2. MELLORA TECNOLÓXICA E PRODUTIVA EN INDUSTRIA DEDICADA Á FABRICACIÓN DE MOBILIARIO INDUSTRIAL E COMERCIAL L11-413-29-118**

Con data 15 de xullo de 2011, a entidade promotora do proxecto, ELMADE S.L., solicitou unha axuda para realizar unha mellora tecnolóxica e produtiva nunha industria adicada á fabricación de mobiliario industrial e comercial, a través da incorporación de maquinaria cun alto nivel tecnolóxico e de automatización. O incremento da demanda sobre todo de clientes como o Grupo Inditex ou Camper, obriga a esta empresa a levar a cabo actuacións de ampliación das súas estruturas para poder competir no mercado actual.

Os investimentos solicitados consisten no mobiliario e maquinaria necesaria para á ampliación da empresa: un centro de traballo CNC, aplacadora de cantos, sistema de retorno, instalación aspiración, instalación eléctrica para a conexión das novas máquinas, equipo informático, e acondicionamento da entreplanta.

A entidade promotora non adquire o compromiso de creación de emprego.

Esta iniciativa encaixa na medida 413.-Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 395.350,03-€ (335.042,40.-€ sen IVE).

Con data 26 de xuño de 2013, ten entrada no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 33 puntos, correspondéndolle un 26,5 % de axuda do Programa Leader que ascende a 88.786,24-€.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER

*A continuación o Xerente, comunica aos asistentes que ten entrado outro expediente no rexistro, posteriormente ao envío da convocatoria, que vai reflectido en Rogos e Preguntas, acordándose tratalo neste punto:*

#### **4.13. MODERNIZACIÓN EMPRESA MADEREIRA EN OZA DOS RÍOS L11-41300-29-0128.**

Con data 17 de outubro de 2011, a entidade promotora do proxecto, Hermanos García Rocha S.L., solicitou unha axuda para a adaptación dunha superficie da nave do proceso de serradoiro, adicada na actualidade ao almacenamento do serrín xerado ao final da cadea do proceso de produción. Esta nova adaptación da superficie adicarase á produción de mangos de madeira (un novo produto).

Os investimentos solicitados consisten na obra civil de adaptación da nave.



Esta sociedade non adquire o compromiso de creación de emprego.

Esta iniciativa encaixa na medida 413.- Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. Modernización de PYMES.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 64.908,78-€ (53.643,62.-€ sen IVE).

Con data 05 de xullo de 2013, ten entrada no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 55 puntos, correspondéndolle un 37,5 % de axuda do Programa Leader que ascende a 20.116,36-€.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER

#### **4.2. EXPEDIENTES PENDENTES DE RECIBIR O INFORME DE CONTROL DE ELIXIBILIDADE E QUE LEVAN MÁIS DE DOUS MESES EN AGADER.**

Tendo en conta o réxime de axudas do Programa Leader onde establécese que o prazo para a verificación do ICE será de dous meses contados dende a data de entrada do expediente no rexistro xeral de Agader e que transcorrido o citado prazo sen pronunciamento expreso entenderase que o ICE foi verificado favorablemente. Os expedientes que levan máis de dous meses en Agader son os seguintes:

##### **4.2.1. CULTIVO E PROCESADO DE ESTEVIA EN ARANGA (Expediente: L13-41100-29-0216)**

**Entidade promotora:** ARTESANAMONDI S.L.

**Descrición:** Este proxecto consiste no cultivo e procesado de Stevia en Aranga.

**Emprego:** A entidade promotora adquire o compromiso de creación dun emprego autónomo.

**Investimentos:** Adquisición da planta, equipamento necesario para o cultivo de Stevia, adaptación do local para almacén e secadoiro, dous ordenadores, programa de contabilidade, custo do proxecto e gastos xerais.

**Importe investimentos:** 18.884,84.-€

**Porcentaxe de axuda:** 45% **Axuda:** 8.498,18.-€

##### **4.2.2. AMPLIACIÓN SERRADOIRO EN CARRAL (L13-41100-29-0218).**

**Entidade promotora:** ANDRÉS SEOANE VILLAVERDE.

**Descrición:** Con este proxecto vaise ampliar a actividade do serradoiro, levando a cabo o servizo de transporte do produto terminado ao clientes. Ata agora contratábanse servizos externos para a posta do produto en destino.

**Emprego:** O promotor do proxecto non adquire o compromiso de creación de emprego.

**Investimentos:** Adquisición dun camión de segunda má. n.

**Importe investimentos:** 6.854,27.-€.

**Porcentaxe de axuda:** 38,5% **Axuda:** 2.638,89.-€

#### **4.2.3. MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN EXPLOTACIÓN DE MACEIRAS DE SIDRA (L13-41100-29-0226).**

**Promotor:** JOSE JUAN RICO RODRIGUEZ

**Descrición:** Con este proxecto, o promotor quere incorporar un equipamento á explotación de maceiras para sidra e deste xeito reducir custos e facer máis eficiente a produción.

**Emprego:** O promotor non adquire o compromiso de creación de emprego.

**Investimentos:** Adquisición dunha grúa e gancho de pesaxe para a recolección da produción e na fabricación dunha máquina específica e adaptada para manter o terreo sen herbas e que facilite o manexo da plantación

**Importe investimentos:** 2.328,64.-€ **Porcentaxe de axuda:** 44,50%

**Axuda:** 1.036,24.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable destes expedientes, e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER.

### **5. NOVIDADES DA ASOCIACIÓN:**

#### **4.1. PARTICIPACIÓN PROGRAMA LIFE 2013: “LIFE AGRONATURAL HERITAGE”.**

Este proxecto foi presentado o pasado 25 de xuño de 2013. O obxectivo principal deste proxecto sería frear a perda dos hábitats “prados de sega de baixa altitude” e nos “bosques aluviales de *Alnus glutinosa* y *Fraxinus excelsior*” ligados ós agrosistemas nas Reserva da Biosfera “Terras do Miño” e “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, caracterizando a contribución que teñen os sistemas agrarios tradicionais ao seu mantemento e identificando estratexias de xestión de terras respectuosas coa biodiversidade.

Para elo, prantéxaranse os seguintes obxectivos específicos:

1. Obtención do coñecemento dispoñible sobre os agrosistemas e a súa biodiversidade asociada nas Reservas da Biosfera “Terras do Miño” e a de “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.
2. Definición de prácticas agrarias sostibles favorecedoras da conservación dos bosques de ribeira e os prados de sega e desenvolvemento dun plan integral dos agrosistemas.
3. Desenvolvemento de acordos de custodia agraria para implementar o plan de xestión dos agrosistemas.
4. Demostración da contribución dos sistemas agrarios tradicionais ao mantemento dos bosques de ribeira e os prados de sega a través do seguimento e avaliación dos resultados.

5. Aumento da sensibilidade e responsabilidade en materia de biodiversidade agraria nos distintos colectivos obxecto do proxecto.
6. Difusión dos resultados entre os axentes implicados para impulsar accións que poñan en valor a diversidade biolóxica dos agrosistemas de Galicia.

As entidades socias do proxecto, do que a Asociación Mariñas – Betanzos é a entidade coordinadora son: a Universidade de Santiago de Compostela, o Centro de Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA); a Asociación Galega de Custodia do Territorio e o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo – Ingacal.

O orzamento total ascende a 462.261 euros, dos que se solicitan 231.130 euros. As accións de “Mariñas – Betanzos” ascenden a 184.545 euros, dos que a Unión Europea pagará a metade do importe.

## **6. CONVOCATORIA ELECCIÓNS PARA RENOVACIÓN MEMBROS XUNTA DIRECTIVA.**

Segundo os Estatutos, a Xunta directiva estará formada polos representantes dos asociados elixidos pola Asemblea Xeral, en función da pertenza a cada mesa sectorial, de acordo coa representantividade que a Asemblea Xeral lle outorgue a cada unha delas. Terá como mínimo un representante por mesa sectorial. O número de representantes do sector privado sempre debe ser superior ao número de representantes do sector público.

Segundo os Estatutos actuais, renovarase cada 2 anos, tendo lugar as últimas eleccións en xullo do ano 2011, polo que tería que renovarse a Xunta Directiva.

1. Mesa sector agrario, gandeiro e cooperativo: (3 representantes)
2. Mesa sector forestal e da Madeira (1 representante)
3. Mesa de asociacións e Colectivos de Mulleres (1 representante)
4. Mesa de asociacións xuvenís e colectivos xuvenís (1 representante)
5. Mesa de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, ANPAS (3 representantes)
6. Mesa de artesanía (1 representante)
7. Mesa de asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza (1 representante):
8. Mesa do sector de turismo e hostalería (1 representante):
9. Mesa de asociacións de empresarios multisectoriais (1 representante):
10. Mesa do sector institucional (2 representantes).
11. Mesa da administracións locais (8 representantes).
12. Mesa da pesca, marisqueo, acuicultura (1 representante).
13. Mesa colectivos de interese social, discapacidade e ONG,s (2 representantes).

Coméntase que probablemente cheguen novas solicitudes para adherirse como entidade asociada a “Mariñas – Betanzos”, polo que se debate sobre a necesidade de dar un prazo antes das eleccións ou convocalas hoxe.

A Xunta Directiva acorda convocar as eleccións a día de hoxe co censo actual de asociados, cos votos en contra dos representantes da Asociación Rabo do Galo e da Asociación Roxín Roxal, que estiman que debería darse un prazo de dous ou tres meses antes de convocar eleccións.

## **7. ROGOS E PREGUNTAS**

### **7.1. PROPOSTA E APROBACIÓN SE PROCEDE DE ADHESIÓN DE NOVOS SOCIOS E ADHESIÓN DE NOVOS SOCIOS E ADSCRICIÓN Á MESA SECTORIAL CORRESPONDENTE.**

#### **7.1.1. GRUPO NATURALISTA HABITAT.**

Con data 04 de xullo de 2013 ten entrado no rexistro da Asociación “Mariñas – Betanzos” solicitude do Grupo Naturalista Habitat, entidade constituída no ano 1.979, amosando interese en adherirse debido as numerosas actuacións que o Grupo ven emprendendo dentro do ámbito de actuación de Mariñas – Betanzos, procurando unha mellora do contorno natural do entorno.

Os fins principais desta Asociación con domicilio social en A Coruña, son traballar para a protección de todos os ecosistemas presentes en Galicia para garantir a súa conservación integral; divulgar e dar a coñecer a riqueza biolóxica; formar parte de grupos consultivos ou órganos de decisión relacionados co medio natural; protexer o medio ambiente. Compróbase que ten entregada toda a documentación requirida e que está en regra.

A Xunta Directiva acorda a inclusión como socio da entidade co número 128, na mesa sectorial de Asociacións e entidades medioambientais.

#### **7.1.2. ASOCIACION DE MUJERES Y FAMILIA DE ÁMBITO RURAL CAMBRE (AMFAR-CAMBRE)**

Con data 05 de xullo de 2013 ten entrado no rexistro da Asociación “Mariñas – Betanzos” solicitude da Asociación de Mujeres y familia de ámbito rural Cambre, entidade constituída no ano 2012.

Os fins principais desta Asociación con domicilio social en Cambre, entre outras, informar sobre todas as cuestións que preocupan á muller; formación profesional: cursos, seminarios, charlas, xornadas.; defensa dos dereitos da muller rural española. Amfar ofrece información sobre todas as cuestións que preocupan á muller rural: formación, emprego, xestión empresarial; sector agrario, igualdade de oportunidades.... Compróbase que ten entregada toda a documentación requirida e que está en regra.

A Xunta Directiva acorda a inclusión como socio da entidade co número 127, na mesa sectorial de Asociacións e colectivos de mulleres.

## **7.2. PROPOSTAS DOS ASISTENTES.**

O representante da Asociación Cultural Aberta de Carral, quere propoñer á Xunta Directiva que debido a que veu publicidade en castelán do Campo de Pith&Putt de Paderne, proxecto LEADER, que se lle retiren os 5 puntos por uso do galego.

O Xerente do Programa LEADER, comenta que está pendente de recibir o Informe Favorable de AGADER, e que unha vez que estivera concedida a axuda o promotor asumiría ese compromiso, non tería que asumilo antes da axuda.

Por outra banda, O representante da Asociación Val de Aranga, José Juan Rico, comenta que non estivo presente na reunión anterior, e quere mostrar o seu descontento por non ter trasladado a porcentaxe de representantes que teñen as Asociacións culturais no Consello de Dirección, entendendo que deberían estar no Consello de Dirección todas as entidades que compoñen a Xunta Directiva.

O Presidente responde que, o acordado o ano pasado en Xunta Directiva ao respecto da composición do Consello de Dirección foi ter oito representantes, e así enviouse e aprobouse pola UNESCO, sendo un acordo da Directiva, froito do consenso.

## **7.3. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:**

Tense recibido Informe Favorable do seguinte expediente:

### **7.3.1. ESTUDO PARA A MELLORA DE OPORTUNIDADES DE EMPREGO A TRAVÉS DA XESTIÓN SOSTIBLE DA TERRA E DO TERRITORIO L13-43100-29-B224.**

Con data 09 de xullo de 2013, a asociación Mariñas-Betanzos, solicitou unha axuda para facer un estudo para a mellora de oportunidades de emprego a través da xestión sostible da terra e do territorio.

O proxecto consiste na elaboración dun estudio que ten como obxectivo principal dotar aos desempregados, entidades, administracións e toda aquela persoa, ligada a sectores relacionados coa xestión da terra e do territorio de “Mariñas – Betanzos” principalmente, dunha ferramenta para a identificación de oportunidades de emprego ligadas á xestión sostible da terra, estudando os usos tradicionais e potenciais da terra e analizando a aptitude que poderían ter.

Con este documento obteríase unha ferramenta de traballo onde estarían identificados os usos actuais e potenciais do territorio capaces de xerar emprego.

Esta iniciativa encaixa na medida 431.-Adquisición de capacidades e promoción do territorio.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 5.940-€.con IVE.

Tense recibido Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se proceda á verificación do ICE deste expediente, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 100 puntos, correspondéndolle un 66,39 % de axuda do Programa Leader que ascende a 3.943,72-€, pois o restante 43,61% proven dunha axuda da Deputación Provincial da Coruña.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER

#### **7.4. Traspaso de fondos da medida 411 a medida 413.**

Chegado o mes de xullo sen recibir de Agader Informes de Control de Elixibilidade Favorables dos proxectos existentes na medida 411 e tendo proxectos con ICEs favorables na medida 413, apróbase o traslado temporal de fondos entre medidas que retornarán unha vez se aprobe a “Reserva de eficacia” coa finalidade de non perder os fondos asignados nesta anualidade 2013.

Na actualidade existen 5.542,87.-€ na medida 411 que serán utilizados por proxectos da medida 413 seguindo a orde establecida por Agader.

Por outra banda os fondos liberados dos proxectos que presentaron a xustificación de pago por investimentos máis reducidos dos solicitados inicialmente ou liberados por outra casuística, acordase sexan asignados a outros proxectos da medida 413, seguindo a orde establecida por Agader.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 19 horas, para dar paso a Asemblea Xeral Ordinaria de socios.

En Bergondo, a 8 de xullo de 2013

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e prace Presidencia

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes